

Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo.

FAI SABER:

Á VECIÑANZA, que debido á situación derivada da evolución do COVID-19 (CORONAVIRUS), o Concello de Vimianzo seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias, autonómicas e estatais vai adoptar as seguintes medidas preventivas co fin de contribuír á contención e frear a propagación do Coronavirus entre a poboación:

1º) **SUSPENSIÓN** das seguintes actividades, ata novo aviso segundo a evolución dos acontecementos:

- Todas as actividades municipais deportivas, culturais, turísticas, programación cultural do auditorio municipal e as actividades de lecer destinadas a terceira idade (baile social, talleres de memoria, etc.).
- Todas as actividades, cursos, talleres e similares que, por parte de asociacións, agrupacións, veciños/as, etc... se leven a cabo en instalacións ou edificios municipais.

2º) **PECHE** das seguintes instalacións municipais: gardería municipal, biblioteca, polideportivos, ximnasio, edificio de servizos múltiples, pista de pádel, centros culturais parroquiais, etc.

3º) **A atención ao público nas oficinas municipais:** recoméndase á veciñanza que os trámites se realicen por vía telemática a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.vimianzo.gal> e as consultas no correo electrónico: correo@vimianzo.gal ou nos seguintes teléfonos: 981716001 (Dependencias municipais), 617484852 (Policía Local) ou 696427492 (Alcaldía).

RECOMENDACIÓNS:

- Seguir as instrucións ditadas polas autoridades sanitarias, e en caso de ter algún síntoma contactar co 061, co teléfono de información para a cidadanía 900 400 116 ou consultar a páxina do Ministerio de sanidade www.mscbs.gob.es.
- Evitar aglomeracións, viaxes e desprazamentos que non sexan imprescindibles.
- Non levar os nenos/as ao parque infantil.
- Extremar as medidas de hixiene segundo as recomendacións sanitarias.
- Que as asociacións e entidades do municipio suspendan os seus actos públicos e sociais durante os próximos 14 días naturais.

O Concello de Vimianzo, solicita e agradece á veciñanza a máxima colaboración. Estas medidas iranse adaptando á evolución da situación epidemiolóxica e informarase de cada variación que se poida producir respecto das mesmas.

Así mesmo, o Concello de Vimianzo quere enviar á veciñanza unha mensaxe tranquilizadora e insta a que se sigan as medidas e recomendacións da Xunta de Galicia e do Ministerio de Sanidade.

A alcaldesa,



Mónica Rodríguez Ordóñez

